

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 30 DE MARZO DO 2022.

ASISTENTES:

<p>Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE</p>
--	--

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Trinta de Marzo do Dous mil vinte e dous, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 24/03/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202203/509

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/03/2022 "Decreto: AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO MODIFICADO DO PROYECTO PÉRGOLA PARA APEADOIRO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES NA AVENIDA DO MALECÓN. RIBEIRA E PARALIZACIÓN DAS OBRAS POR PRAZO DE UN MES PARA REDACTAR DITO PROYECTO MODIFICADO"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202203/511

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruíz Rivas, de data 28/03/2022 “Decreto: Aprobación do Plan de seguridade e saúde e do Plan de residuos das obras do proxecto denominado “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE AGRELO (OLVEIRA-OLEIROS)””

4.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL -PABLO PÉREZ ESCARIZ

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2018, aprobou o acordo de adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021, nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1	1.219,44 euros
Pablo Pérez Escariz	Mosqueiros	776,00 euros
David Fuentes Requeijo	Corna (Modorróns)	608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.200,00 euros
Alberto Pérez Doval	Ameixida	1.000,00 euros

Pablo Pérez Escariz presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 15 de febreiro de 2022 (entrada núm. 2.765), mediante o que solicita a devolución da fianza de 1.000,00 €, que correspondería ás tempadas 2018, 2019, 2020 e 2021, depositada ante o Concello de Ribeira, e achega copia dun certificado de titularidade emitido pola entidade bancaria que acredita a titularidade dunha conta bancaria aos efectos da devolución.

Mediante escrito de data 17 de febreiro de 2022 (saída núm. 707) o Concello requiriu ao interesado a emenda da súa solicitude, por non ter achegado certificado/informe da entidade bancaria da conta onde se vai transferir o importe da devolución.

Mediante escrito de data 8 de marzo de 2022 (entrada núm. 4.274) o interesado achega ao expediente de solicitude un certificado emitido pola entidade bancaria que acredita a titularidade dunha conta bancaria aos efectos da devolución.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 9 de marzo de 2022, no que conclúe: “(...) Á vista do exposto no parágrafo primeiro deste epígrafe informo que non procede a devolución da fianza correspondente á anualidade 2021 debido ao incumprimento da obriga recollida na cláusula 10.9 do Prego que rexe o procedemento:



Anualidade	Fianza (euros)	Devolución
2018	250,00	Procede
2019	250,00	Procede
2020*	250,00	Procede
2021	250,00	Non procede

(...)"

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Ribeira ao respecto da solicitude de devolución, de data 9 de marzo de 2022, favorable.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do "PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021", reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: "10º.- *Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:

a) *Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto.*

b) *Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2021). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)***

Consta no expediente que Pablo Pérez Escariz (**8390**), adxudicatario do posto denominado "Mosqueiros", constituíu unha fianza por un importe de 1.000 € segundo Carta de Pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello de data 4 de abril de 2018, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

3. RESOLUCIÓN

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 22/03/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- Aprobación da devolución das garantías correspondentes ás anualidades 2018, 2019 e 2020, por un importe de 750,00 €.
- Aprobación da incautación da fianza correspondente á anualidade 2021, por un importe de 250,00 €.



5.- ADMISIÓN/EXCLUSIÓN E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS. EXPEDIENTE DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS DE TEMPADA DE VERÁN (ANOS 2022, 2023, 2024 E 2025).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Expediente de licitación que se tramita para a adxudicación, pola vía de urxencia, de cinco postos para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2022, 2023, 2024 e 2025.

O “PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CINCO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2022, 2023, 2024 E 2025”, foi aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 27 de xaneiro de 2022, e nese mesmo acordo se aprobou o expediente e se dispuxo a apertura do procedemento de licitación.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 23, de data 3 de febreiro de 2022, nos taboleiros de anuncios do Concello de Ribeira e na páxina web oficial.

Da consulta efectuada no Rexistro de Documentos de Entrada e da documentación obrante na Oficina de Medio Ambiente, se conclúe que entre as datas do 4 de febreiro e o 17 de febreiro de 2022 presentaron oferta na licitación obxecto deste expediente as seguintes persoas físicas ou empresas:

- 1. Verónica Elena Nogueira Carrera, DNI 36106537X, oferta rexistrada de entrada con data 9 de febreiro de 2022, núm. 2.369.*
- 2. José Ángel Rodríguez Álvarez, DNI 52936489B, oferta rexistrada de entrada con data 9 de febreiro de 2022, núm. 2.428.*
- 3. Dino René Vivanco Vilches, DNI 54545399W, oferta rexistrada de entrada con data 10 de febreiro de 2022, núm. 2.465.*
- 4. Grupo Bacoga Galicia, S.L., CIF B15497142, oferta rexistrada de entrada con data 14 de febreiro de 2022, núm. 2.681.*
- 5. Continentes Expansión, S.L., CIF B15794076, oferta rexistrada de entrada con data 14 de febreiro de 2022, núm. 2.684.*
- 6. Pablo Pérez Escariz, DNI 44839099R, oferta rexistrada de entrada con data 15 de febreiro de 2022, núm. 2.764.*
- 7. Jonathan Romay Moraña, DNI 52939848N, oferta rexistrada de entrada con data 16 de febreiro de 2022, núm. 2.810.*
- 8. Aarón Sampedro Vicente, DNI 53795306P, oferta rexistrada de entrada con data 16 de febreiro de 2022, núm. 2.815.*
- 9. Roberto Sieira González, DNI 53485065Z, oferta rexistrada de entrada con data 16 de febreiro de 2022, núm. 2.821.*
- 10. Cristina Rey Vilar, DNI 53797171X, oferta rexistrada de entrada con data 17 de febreiro de 2022, núm. 2.943.*



FIRMANTE - FECHA



A Mesa de Contratación (en adiante Mesa), en sesión celebrada en data 4 de marzo de 2022, procedeu a realizar a apertura pública dos sobres coas ofertas presentadas, e á lectura e estudo da documentación aportada, clasificando provisionalmente as ofertas recibidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado.

As dúas sociedades participantes no procedemento non achegaron a documentación xustificativa da representación, nin copia do DNI do representante, efectuouse requirimento de emenda a Continentes Expansión, S.L. (escrito de data 4 de marzo de 2022, saída núm. 1.077) e a Grupo Bacoga Galicia, S.L. (escrito de data 4 de marzo de 2022, saída núm. 1.078), outorgándolles un prazo para presentar a documentación.

A Mesa, en sesións celebradas nas datas do 17 e do 28 de marzo de 2022, procedeu a examinar toda a documentación obrante no expediente, incluída a achegada por José Baliña Mourelle, actuando en representación de Grupo Bacoga Galicia, S.L., mediante escritos de datas 9 de marzo de 2022 (entrada núm. 4.403), 21 de marzo de 2022 (entrada núm. 5.197), e 24 de marzo de 2022 (entrada núm. 5.377); acordando admitir a oferta presentada pola sociedade Grupo Bacoga Galicia, S.L., excluír do procedemento á sociedade Continentes Expansión, S.L., e clasificar as ofertas admitidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado.

Visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L, Fernández Veiga, de data 28/03/2022

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coas competencias que ten delegadas por decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019 (ditado ao abeiro do artigo 21.3 da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, de acordo co artigo 10.1 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*), **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

Primeiro. Admitir a oferta presentada pola sociedade Grupo Bacoga Galicia, S.L. en base á xustificación aportada en relación coa representación.

Segundo. Excluír do procedemento á sociedade Continentes Expansión, S.L.

Terceiro. Clasificar as ofertas admitidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado, coa seguinte proposta de adxudicación:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	POSTO	PREZO OFERTADO
Verónica Elena Nogueira Carrera	Corna	2.100,00 euros
Roberto Sieira González	Ameixida	1.802,00 euros
Grupo Bacoga Galicia, S.L.	Coroso 2	1.666,71 euros
Pablo Pérez Escariz	Coroso 1	1.569,00 euros
Dino René Vivanco Vilches	Mosqueiros	1.082,61 euros

Cuarto. Notificar o acordo a todos os interesados.



6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE ATRACCIÓN DE FEIRA – MARIANO DOS SANTOS DOS SANTOS

Visto o escrito presentado por **Mariano dos Santos dos Santos**, de data 16/03/2022 (Rexistro de entrada nº 4.829), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Trampolín Yumpy - 7 m. x 8 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Mariano dos Santos dos Santos** para a instalación dunha atracción de feira (Trampolín Yumpy - 7 m. x 8 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE ATRACCIÓN DE FEIRA – FRANCISCO DOS SANTOS DOS SANTOS

Visto o escrito presentado por **Francisco dos Santos dos Santos**, de data 16/03/2022 (Rexistro de entrada nº 4.832), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Parque de bolas - 6 m. x 5 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Francisco dos Santos dos Santos** para a instalación dunha atracción de feira (Parque de bolas - 6 m. x 5 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE ATRACCIÓN DE FEIRA – JUANA TRINCHETE TENDERO

Visto o escrito presentado por **Juana Trinchete Tendo**, de data 16/03/2022 (Rexistro de entrada nº 4.834), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Globo hinchable - 6 m. x 5 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Juana Trinchete Tendero** para a instalación dunha atracción de feira (Globo hinchable - 6 m. x 5 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE ATRACCIÓN DE FEIRA – FERNANDO CAZADOR DOCEU

Visto o escrito presentado por **Fernando Cazador Doceu**, de data 16/03/2022 (Registro de entrada nº 4.838), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Remolque de máquinas - 4 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Fernando Cazador Doceu** para a instalación dunha atracción de feira (Remolque de máquinas - 4 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE ATRACCIÓN DE FEIRA – JOSÉ EDUARDO DOS SANTOS DE FÁTIMA

Visto o escrito presentado por **José Eduardo dos Santos de Fátima**, de data 16/03/2022 (Registro de entrada nº 4.850), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Escalestri infantil – 5 m. x 4 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **José Eduardo dos Santos de Fátima** para a instalación dunha atracción de feira (Escalestri infantil – 5 m. x 4 m.) no Parque García Bayón –Ribeira- durante os días 9 ao 12/04/2022.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.



- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 14.03.2022:

598 14.01.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., línea de baja tensión subterránea de 37,00 m. de longitud, en Saiñas, Palmeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 15.03.2022:

2907 17.02.2022 MANUEL ANGEL ROMANO SOUTO, construír solera de hormigón y tejado para asadero, en Cerca, 62, Aguiño.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 22.03.2022:

3043 18.02.2022 DOLORES GONZÁLEZ MARTÍNEZ, reparar y lavar fachada en rúa Alcalde Fernández Bermudez, 22, Ribeira.

3119 21.02.2022 EDELMIRO VIDAL SAMPEDRO, colocar teja del país sobre cubierta de vivienda en Listres, 41, Aguiño.

3120 21.02.2022 EDELMIRO VIDAL SAMPEDRO, reparar fachada de la vivienda y construír un porche en Listres, 43, Aguiño.

3146 21.02.2022 JOSEFA M. PAZ GARCÍA, substitución de tejado encima de la cocina en rúa Castelao, 26, Aguiño.

2924 17.02.2022 M^a DOLORES SAMPEDRO LAMPÓN, reparación de cubierta del garaje en Campos, Carreira.

3239 22.02.2022 MANUEL AYASO ORELLÁN, rehabilitar muro en Barreiro, 3, Oliveira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 24.03.2022:

3245 22.02.2022 ANA LORENZO LAMPÓN, cierre de finca en Cubeliño.

3247 22.02.2022 VENTURA PAZ ROMANO, construír garaje en Laxes, 2, Carreira.

3246 22.02.2022 ANDRÉS MANUEL AGEITOS MILLÁN, echar acera de hormigón y teja a galpón, en rúa do Norte, 7, Palmeira.

3333 23.02.2022 M^a. MERCEDES RIVAS ABRALDES, colocación de porche en Martín, 19.

3345 23.02.2022 MARIA JESÚS BOO FEIJOO, reconstrucción de terraza, en Ameixida, 37.

3542 25.02.2022 VALVERDE 3.0,S.L., obras de mantenimiento en vivienda y predio, rúa Delicias, 39, Corrubedo.

3602 28.02.2022 JUAN JOSÉ SOBRIDO DOMÍNGUEZ, cambio de ventana, en rúa As Pitas, 12, Corrubedo.

3625 28.02.2022 CENTRO RECREATIVO DE ARTES, reparación de tejado en Sego, 1, Artes.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 25.03.2022:

16869 22.09.2021 AUTO VIDRIO PLUS S.L., relocalización de oficina existente en el local destinado a taller de reparación y montaje de lunas para el automóvil, en Avda. da Coruña, núm. 120, local 3, baixo, Ribeira.



12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Ramón Valls Martínez

Visto o escrito presentado por **Ramón Valls Martínez**, de data 24/02/2022 (Registro de entrada nº 3432), no que solicita información urbanística en relación a parcela situada en Corrubedo (Ref. catastral: 3835301MH9133N0001SJ).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 24/03/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 3835301MH9133N0001SJ que está sujeta a dos clasificaciones, más de la mitad y en la parte Sur está clasificada como **SUELO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR COLECTIVA en HILERA** (Art. 156), con las siguientes determinaciones:

Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.



Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

La parte Norte de la finca y separada por un vial que contempla el PGOM, está dentro del **Polígono 39**, con las siguientes determinaciones:

Polígono número 39

1.-Localización

Corrubedo

Plano de Ordenación número 7.2. E: 1/2000

2.-Superficie total: 6.400 m²

3.-Aprovechamientos lucrativos: 2.880 m²

4.-Superficie cesiones (Sistema Local)

- Red Viaria: 900 m²

- Equipamientos: 1.000 m²

- Total: 1.900 m²

5.-Clase de suelo:

Urbano no Consolidado

6.-Incluido en Área de Reparto número: ARP - P39



7.-Objetivos

Apertura de un vial que enlace la calle Cantón con calle atalaya y otro de calle Rúa Prado con calle Rúa la Fonte, y obtención de espacios para equipamientos comunitarios dotacionales.

8.-Condiciones de edificación

- Altura máxima: B + 1
- Alineaciones:
- Usos: Residencial unifamiliar
- Ordenanza: Número 6

9.-Desarrollo y gestión

El desarrollo de este polígono se realizará mediante Estudio de Detalle y su gestión mediante compensación.

10.-Observaciones

La limitación para uso residencial será la establecida en el artículo 11.1.b de la Lei do solo de Galicia.

13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA (CORRECCIÓN DE ERROS) –Manuel Olveira Teira

Visto o escrito presentado por **Manuel Olveira Teira**, de data 14/02/2022 (Registro de entrada nº 2697), no que solicita información urbanística en relación a parcela situada en Rúa Andrés Torres Queiruga, 5 (Aguiño) con referencia catastral nº 9285311MH9098N0001Y.

Visto o acordo adoptado ao respecto pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 10/03/2022, e advertido erro no relativo á clasificación do solo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á subsanción do citado erro, resultando o novo acordo tal e como segue:

*“Visto o escrito presentado por **Manuel Olveira Teira**, de data 14/02/2022 (Registro de entrada nº 2697), no que solicita información urbanística en relación a parcela situada en Rúa Andrés Torres Queiruga, 5 (Aguiño) con referencia catastral nº 9285311MH9098N0001Y.*

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 22/03/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 9285311MH9098N0001Y que está clasificada como **SUELO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVO UNIFAMILIAR AISLADO Tipo A**, con las siguientes determinaciones:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de



Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A : 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres



realizados con pedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

Además en este caso concreto por estar dentro de la Servidumbre de Protección de la Ley de Costas, deberá contar con la autorización de este Organismo para cualquier actuación."

14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Antonio Abeleira Cedeira

Visto o escrito presentado por Eva María Queiruga Teira en representación de **Antonio Abeleira Cedeira**, de data 25/03/2022 (Registro de entrada nº 5541), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela sita no lugar da Igrexa, Olveira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A045008270000KE.



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/03/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela sita no lugar da Igrexa, Olveira, Ribeira, con refª catastral nº 15074A045008270000KE.

15.- VAO PERMANENTE – Carmen Santos Vidal

Visto o escrito presentado por **Carmen Santos Vidal**, de data 15/03/2022 (Registro de entrada nº 4.731), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Cordieiro, nº 16 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 23/03/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder** a **Carmen Santos Vidal**, autorización para a instalación dun senal de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Cordieiro, nº 16 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

16.- SOLICITUDE REPOSICIÓN ESPellos DE TRÁFICO EN CORRUBEDO –José Francisco Parente Martínez

Visto o escrito presentado por José Francisco Parente Martínez, de data 21/02/2022 (Registro de entrada nº 3200), no que solicita a reposición de espellos de tráfico, nas rúas Atalaia, Corgo e Estrada do Faro cruce con rúa Chaprado (Corrubedo), que sufriron desperfectos debido a actos vandálicos.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 23/03/2022, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á reposición dos espellos de tráfico situados nas rúas Atalaia, Corgo e Estrada do Faro cruce con rúa Chaprado (Corrubedo), segundo o sinalado no citado informe policial.



17.- DACIÓN DE CONTA DE PROXECTO GADISA EN RIBEIRA CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO “DÍA DAS LETRAS GALEGAS”

DACIÓN DE CONTA DE PROXECTO GADISA EN RIBEIRA CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO “DÍA DAS LETRAS GALEGAS”

Dáse conta á Xunta Goberno Local do escrito presentado pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 23/03/2022, relativo ao proxecto cultural que Gadisa vai realizar en Ribeira co motivo da celebración do “Día das Letras Galegas”, unha acción para resaltar o valor dos autores en lingua galega e, do mesmo xeito, destacar o seu compromiso coas artes e a cultura de Galicia.

18.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO, MONOLÓGOS OU SEMELLANTES, EN TERRAZA DE LOCAL DE HOSTALERÍA - LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.

VISTO o escrito presentado por Sergio Sampedro Rego, en representación do establecemento **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, de data 20/03/2022 (2022 SOLIC0001444), no que solicita permiso para amenizar a terraza privada do Bar Desván, situado na praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), con música en directo ou gravada e monólogos ou semellantes, os días 1, 2, 3, 8, 9, 10, 14, 15, 16, 17, 22, 23, 24, 29 e 30 de abril de 2022, así como o 1 de maio de 2022, en horario de 12:00 h. a 23:30 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, para amenizar a terraza privada do Bar Desván, situado na praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), con música en directo ou gravada e monólogos ou semellantes, os días 1, 2, 3, 8, 9, 10, 14, 15, 16, 17, 22, 23, 24, 29 e 30 de abril de 2022, así como o 1 de maio de 2022, en horario de 12:00 h. a 23:30 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **representante de LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U. (Sergio Sampedro Rego)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria,*



industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)

- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



19.- AUTORIZACIÓN CONCERTO RÚA ALCALÁ GALIANO –Ángel Blanco Tomé (Musieventos)

Visto o escrito presentado por Juan M. Pérez Pérez en representación de **Ángel Blanco Tomé (Musieventos)**, de data 23/03/2022 (Rexistro de entrada nº 5.425), no que solicita autorización para a realización dun concerto na Rúa Alcalá Galiano (Ribeira), o día 02/04/2022, de 15:00 h. ás 18:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a **Ángel Blanco Tomé (Musieventos)** a realización dun concerto na Rúa Alcalá Galiano (Ribeira), o día 02/04/2022, de 15:00 h. ás 18:00 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:55 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

